



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Asunto: Modificación do tribunal cualificador. Convocatoria para a selección e provisión dun posto de traballo de funcionario/a interino/a de auxiliar administrativo, Administración Xeral, Subgrupo C2, na área de Servizos Sociais para a execución de programas de carácter temporal e de duración determinada que non respondan a necesidades permanentes da administración.

Núm. Admvo. Expte: 2021/X999/000019

Expte. Decreto Núm.: 2021/G003/000454

Visto que por Resolución de Alcaldía núm. 325/2021, de data 15/06/2021, se aprobou alista definitiva de persoas admitidas e excluídas á convocatoria para a selección e provisión dun posto de traballo de funcionario/a interino/a de auxiliar administrativo, Administración Xeral, Subgrupo C2, na área de Servizos Sociais para a execución de programas de carácter temporal.

Visto que a secretaria interventora do concello está en período de vacacións e está nomeada como secretaria interventora accidental a funcionaria D^a Emilia Alborés Lema.

Visto que está fixado a data da proba de galego para mañá mércores día 4 de agosto de 2021, ás 10.00 horas.

Visto que a persoa designada como substituta da secretaria do tribunal non pode asistir nesa data e que hai unha persoa nomeada como secretaria interventora accidental do concello, para non dilatar moito máis este proceso selectivo debido á necesidade de contratación deste persoal, e atendendo a que a data da proba de galego xa está fixada con antelación, é necesario modificar como membro do tribunal a persoa designada como secretaria do tribunal que será substituída pola secretaria interventora accidental deste concello. Á súa vez, é preciso nomear a un/ha substituto/a para o cargo de vogal de Emilia Alborés Lema, atendendo a que a persoa designada como suplente está de baixa médica.

Á vista dos antecedentes, esta Alcaldía, en función das competencias outorgadas polo artigo 21.1 da Lei 7/1985 reguladora das bases do réxime local e demais de aplicación para o efecto,

RESOLVE:

PRIMEIRO. Modificar o Tribunal Cualificador designado por Resolución de Alcaldía núm. 325/2021, de data 15/06/2021, durante o tempo que dure o período de vacacións da secretaria interventora municipal, para non dilatar excesivamente este proceso selectivo e atendendo a que a data da proba de galego xa está fixada con antelación, que queda designado do seguinte xeito:

Presidenta: M^a Dolores Antelo Collazo, coordinadora dos Servizos Sociais deste concello

Suplente Sandra Vázquez Mira, auxiliar administrativa deste concello

Vogais:

Julio Torreira López, animador deportivo deste concello

Suplente: Isabel M^a Castro Añón, administrativa- xefa do Negociado de Contabilidade deste concello

José Antonio Esmorís López, bibliotecario-arquiveiro deste concello

Suplente: Manuel Lema Pérez, auxiliar de Policía Local deste concello

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Laxe co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

Alejandra Castro Añón, administrativa de Contabilidade deste concello.

Suplente: Marcial Álvarez Pose, Policía Local deste concello

Secretaria: Emilia Alborés Lema, AEDL deste concello

Suplente: Isabel M^a Castro Añón, xefa de negociado de contabilidade deste concello

SEGUNDO. Publicar esta resolución no Taboleiro de Anuncios e na sede electrónica do Concello de Laxe (sede.laxe.es).

Mándaos e asínaos, en Laxe, na data da sinatura incluída á marxe, o alcalde, do que eu como secretaria accidental dou fe.

O alcalde

A secretaria accidental

Asdo. José Luis Pérez Añón

Asdo. Emilia Alborés Lema